

Enche o teu natal de maxia,
música, teatro, humor...

NADAL  **2018**

www.culturactiva.org



BONECA LARETA

Pasarrúas

A COMPAÑÍA

A compañía Boneca Lareta nace no ano 2009, como un proxecto artístico multidisciplinar, da man de Aitor Rei e coa inestimable colaboración de Avelino González. Unha fábrica de ideas onde operan diferentes artistas e colaboradores con ampla experiencia no sector teatral e audiovisual.

O ESPECTÁCULO

Boneca Lareta propón os espectáculos dende a máxia e a ensoñación, traballando sempre coa luz e a xestualidade teatral como materia prima, para ofrecer imáxes inesquecibles. Pasarrúas, eventos, animación de festas, entroido, nadal... sempre é unha boa ocasión para contar cun espectáculo versátil e adaptable.

FICHA ARTÍSTICA

Técnica teatral: pasarrúas e animación

Duración: variable

Público: familiar

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)



CULTURACTIVA SCG

Saaabor!

A COMPAÑÍA

Culturactiva SCG non só é unha distribuidora, senón que tamén traballa como compañía e produtora. Esta é unha das súas últimas propostas, neste caso coa coprodución de Pallas@s en Rebeldía.

O ESPECTÁCULO

Culturactiva SCG presenta a Félix Rodríguez e a Fran Rei en *Saaabor!*, unha proposta para todos os públicos, de creación propia e dirixida por Avelino González.

Saaabor! é un espectáculo cómico que mestura música, maxia, humor, ritmo e participación do público, co mundo da gastronomía de fondo. Os nosos protagonistas convértense en dous recoñecidos chefs que nos ofrecen pratos para todos os gustos: desde a comida máis práctica e sinxela, ata a máis elaborada, sen esquecer o viño e a sobremesa, elaborando un saboroso menú para toda a familia.

Félix Rodríguez é un actor e músico cunha ampla traxectoria escénica en compañías como Odaiko, Píscore e Trío Refugallo, que nesta ocasión se complementa perfectamente con Fran Rei, cómico que ten participado en máis de 20 montaxes con compañías como Os Sete Magníficos máis Un, Pallasos en Rebeldía ou Acontrabutaca. Xuntos crearon este espectáculo, unha receita chea de sabor que fará as delicias de os padais máis esixentes.



FICHA ARTÍSTICA

Dirección: Avelino González

Autor: creación propia

Elenco: Félix Rodríguez e Fran Rei

Escenografía: Kukas

Vestuario: Chus Aldrey

Asesor máxico: Dani García

Xénero: comedia, teatro de rúa

Produción: Culturactiva SCG

Duración: 55 minutos

Público: todos os públicos

[+ info](#)

[▶ ver vídeo](#)



PÍSCORE

Concerto Singular

A COMPAÑÍA

Píscore chegan para levar a todas as prazas e teatros a mellor comedia musical e xestual. Son unha compañía que naceu na primavera do 2016 e que homenaxea co seu nome á famosa “Esther Píscore”, trasunto da musa da danza, Terpsícore, nun coñecido *gag* de Les Luthiers. Teñen a premisa de facernos rir dende o virtuosismo musical, a elegancia e unha estética moi próxima á comedia xestual máis clásica.

O ESPECTÁCULO

Premio do Público Festiclown 2017.

Que acontece cando se convoca a catro grandes solistas para un único concerto? Catro prestixiosos músicos fronte a un grande conflito: 16 baquetas e unha soa marimba. Eles están dispostos a facela soar do xeito máis orixinal e abraiante. Organizarse xa non vai ser tan doado.

Píscore achéganos a mellor música e moito humor para un concerto singular nunha proposta que se encadra na liña dos grandes espectáculos que mesturan o virtuosismo musical e os ritmos coa comedia xestual, o clown e a participación do público.

 **Novo formato!**
Con banda de música!



FICHA ARTÍSTICA

Dirección: Fran Rei

Elenco: Pepe Varela, Diego Rosal,
Félix Rodríguez e Pablo Cabanelas

Xénero: musicomedia xestual

Duración: 55 minutos

Público: familiar

 **info**  **ver vídeo**

BAOBAB TEATRO

Puño, Puñete*

A COMPAÑÍA

Premio: Mellor Espectáculo Infantil na XVIII Feira de Teatro de Castela e León con "Luppo".

Baobab Teatro é unha compañía pontevedresa que aposta polo teatro infantil de calidade. Formada por Óscar Ferreira e Andrea Bayer, traballan cun compromiso claro coa infancia. Óscar Ferreira conta cunha amplísima experiencia como titiriteiro, construtor de monicreques e escenografías. Participou en espectáculos teatrais como *Que medo, que medo, Golulá* ou *Babiliglub*, ou en programas de televisión: *Luar*, *Nika*, *Cousiñas*, *Os Bolechas...* Andrea Bayer dirixiu e interpretou espectáculos como *Golulá* (Premio ao mellor espectáculo infantil na X Feria de Ciudad Rodrigo, Premio ao espectáculo máis innovador na XXIV Mostra de Teatro de Ribadavia, Espectáculo mellor valorado polo público infantil na IX edición da Programación de Domingos do Principal 2008), *Babiliglub* (Fetén 2008) ou *Rosalía, a pulga que escribía*. C'O lobo e a lúa acadou o XI Barriga Verde para textos teatrais para monicreques na categoría de infantil. A compañía volveu acadar o Premio ao Mellor Espectáculo Infantil en Ciudad Rodrigo no 2015, e o espectáculo non parou de xirar polas programacións escolares e familiares máis importantes da Península.

O ESPECTÁCULO

Puño, Puñete é un espectáculo de música en directo, cantigas, contos e tradición oral e así, partindo de "- Puño, Puñete, que tes por dentro? - Pan e fermento! - Puño, Puñete, que tes por fóra? - Pan e cebola!", Baobab convida aos cativos/as cos seus papás e mamás a descubrir un mundo de sensacións e emocións. O espectáculo está pensado para os máis pequenos/as, e apoiado cun disco. Dende Baobab Teatro cremos na palabra, na música e as cantigas como medio de comunicación dende que nacemos, dende o berce.

*Espectáculo de interior

www.culturactiva.org



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Andrea Bayer e Davide González

Dirección: Óscar Ferreira

Xéneros: narración oral, música

Duración: 35 minutos

Público: de 1 a 7 anos

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

CIRCO CHOSCO

Forzu2

A COMPAÑÍA

Circo Chosco créase ao coñecérense Ariñe Azkue e Óscar Páez na escola de circo Oreka (Pamplona), na que se formaron durante tres anos. Alí aprenden diferentes técnicas de circo así como malabar, equilibrios, aéreos, clown, interpretación, creación... Despois toman diferentes camiños até que o actor, clown, docente e director Walter Velázquez, lles bota unha man na dirección do espectáculo *Chosco!*

Ariñe Azkue realizou varios cursos de técnicas aéreas, danza, acrobacia e clown na Península, en Italia e máis en Arxentina. Actuou en diferentes festivais de teatro de rúa e diversas galas de circo; traballou con compañías como Oreka Zirko, Zirika Zirkus, Panpinpox... Foi profesora de Técnicas aéreas na Escola Navarra de circo Oreka.

Óscar Páez realiza diferentes cursos de clown, acroportés, danza, e malabar, en diferentes lugares da Península e Arxentina. Formou parte de diferentes compañías de circo como La Banda e Zirko Oreka, ademais de actuar en diferentes festivais de teatro de rúa e galas de Circo. Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, foi profesor de Acrobacia e malabar na Universidade Pública de Pamplona.

Circo Chosco veñen de crear o seu segundo espectáculo xuntos, *Forzu2*, e participan en compañías como Cair e Pistacatro.

O ESPECTÁCULO

O humor e o absurdo son os fíos que tecen a trama dun espectáculo de dous atletas, dous cómplices que se compenetran realizando trucos imposibles diante do público. Risco, desastre, sorpresa e surrealismo crúzanse coa impecable técnica en forma de portés, acrobacias aéreas, malabares imposibles e lume. Sempre en formato de clown, agochados baixo a aparencia de superacróbatas, de grandes magos ou de malabaristas matematicamente perfectos.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Ariñe Azkue e Óscar Páez

Xéneros: circo cómico

Duración: 50 minutos

Público: familiar

[+ info](#)

[▶ ver vídeo](#)

DANI GARCÍA

Volta á maxia


A COMPAÑÍA

Premios: 1º Premio Michigan Magic Day, o 2º Premio Close Up Contest IBM Rising de St. Louise ou o 2º Premio TAO M Texas.

Desde que en 2004 Dani García fundara a súa propia compañía co obxectivo de producir e interpretar os seus propios espectáculos, o prestixio do seu nome non deixou de medrar. Na actualidade e tras unha década de traballo, Dani García compaxina as actuacións en Galicia con estancias, funcións e formacións nos Estados Unidos. Dani García recolleu así os froitos da súa formación nas diversas ramas da interpretación e da escena. Esa bagaxe permítelle crear producións propias que son auténticas obras de teatro máxicas, onde todo ten un porqué e unha lóxica que fai do ilusionismo algo intanxible, pero próximo para o público.

O ESPECTÁCULO

Benvidos ao primeiro show de maxia onde o público é quen decide o guión do espectáculo. Nada está escrito nesta montaxe que se camufla baixo a parodia dun concurso televisivo onde lle daremos unha volta á maxia, unha volta á nosa ruleta. Así, o azar porá en xogo a sorte do mago. Non haberá preguntas por resolver. Nin segundos que gañar. Os espectadores teñen o control do que sucede sobre o escenario. O mago acompañaos nestas reviravoltas que van conducindo a maxia a un sorprendente efecto final, unha última sorpresa que, a medio camiño entre a realidade e a ilusión, non deixará indiferente a ninguén. Esta é unha obra de maxia infantil, só apta para nenos e nenas, aínda que xa peiteen canas.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Dani García

Dirección: Fran Rei

Técnica teatral: maxia

Duración: 60 minutos

Público: familiar

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

MAGO TETO

Alquimia


A COMPAÑÍA

O seu debut tivo lugar o Día das Letras Galegas de 1992. Nese 17 de maio subía ao escenario do seu instituto de Viana do Bolo para sorprenden-los ós seus compañeiros. Catro anos despois, chegaría o despegue profesional co espectáculo *A maxia dos soños*. Desde a estrea do seu primeiro espectáculo en 1996 con tan só 19 anos, o Mago Teto converteuse nun dos ilusionistas máis veteranos e relevantes en Galicia. Habitual na televisión desde os seus comezos, goza dun gran recoñecemento por parte do público. Os seus espectáculos adáptanse a calquera tipo de espazo, da rúa ás salas, pasando por grandes teatros. No seu repertorio combínanse así espectáculos reducidos con outros de gran formato, outorgándolles aos seus trucos un amplo abano de posibilidades. *Tolemaxias*, *Perto de ti* ou *O Afiador* son algúns dos seus espectáculos.

O ESPECTÁCULO

Durante milleiros de anos, os alquimistas, nómades con grandes coñecementos nas matemáticas, na física, na química, na astroloxía e incluso no ocultismo, viaxaron cos seus laboratorios ambulantes por todos os lugares do mundo cun obxectivo concreto: atopar a Pedra Filosofal.

O soño dos alquimistas era dominar a natureza, o lume, e finalmente o tempo. Os alquimistas crían que a pedra filosofal podería concederlles tanto a cura de todas as enfermidades para gozar da vida eterna como a riqueza, transformando metais en ouro. Cando conseguían estes logros, coñecía-se como “A Grande Obra”. Nesta nova aventura, o mago Teto, tras varios anos estudando, experimentando e intentando descifrar a estraña simboloxía dos libros sobre alquimia, busca a pedra filosofal; non para conseguir a riqueza e a vida eterna, senón a alquimia que está dirixida ao corazón: a felicidade!! A felicidade do público e a do propio mago e así lograr a súa “Grande Obra”. *Auga, terra, lume e aire farán posible esta nova aventura do Mago Teto!*



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Mago Teto

Idea orixinal e dirección: Héctor Guerra

Fotografía: Pablo Pradoss

Deseño gráfico: Brebosky

Producción: Mago Teto

Xénero: maxia

Duración: 50 minutos

Público: infantil, a partir de 5 anos

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

DANI GARCÍA

Código

A COMPAÑÍA

Premios: 1º Premio Michigan Magic Day, o 2º Premio Close Up Contest IBM Rising de St. Louise ou o 2º Premio TAO M Texas.

Desde que en 2004 Dani García fundara a súa propia compañía co obxectivo de producir e interpretar os seus propios espectáculos, o prestixio do seu nome non deixou de medrar. Na actualidade e tras unha década de traballo, Dani García compaxina as actuacións en Galicia con estancias, funcións e formacións nos Estados Unidos. Dani García recolleu así os froitos da súa formación nas diversas ramas da interpretación e da escena. Esa bagaxe permítelle crear producións propias que son auténticas obras de teatro máxicas, onde todo ten un porqué e unha lóxica que fai do ilusionismo algo intanxible, pero próximo para o público.

O ESPECTÁCULO

CÓDIGO: dise da combinación de letras, números ou caracteres que nos permiten formular e descifrar mensaxes que doutro xeito permanecerían ocultos. O código lingüístico posibilitanos a comunicación coas demais persoas. Pero... Que pasaría se perderamos ese código? Ou se nos atopamos con persoas que usan outro diferente? Sería posible comunicarnos dalgún xeito? Así está o noso viaxeiro, o noso coleccionista de linguas. Sempre na busca de novos amigos cos que engadir un código máis na súa maleta de camiñante. E o que empezou sendo unha petición de axuda, un intento por comprender un código máis, convértese nunha reflexión sobre a comunicación humana.

Código é un espectáculo de rúa, pensado para que persoas de calquera idade poidan participar e gozar. Unha hora de maxia inventiva e persoal na que seguro os aplausos estarán acompañados das risas e as bocas abertas.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Dani García

Dirección: Natalia Outeiro "Pajarito"


Técnica teatral: maxia

Duración do espectáculo: 60 minutos

Público: familiar

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

E ademais...



ISLA LETRISKA

Letriska Inmabile

A COMPAÑÍA

Isla LeTriska, malia a súa ampla traxectoria de máis de dez anos nos escenarios, conserva íntegra a ansia artística, pura e rebelde, do principiante. Desde a ilusionante escena do Novo Circo galego, Isla Letriska xamais se acomodou nunha mesma vertente artística. Flutúa, viaxa, explora. Dese xeito, é capaz de crear un espectáculo para o circuito de salas tan exitoso como é Fermín Noite para despois regresar ás orixes co seu espectáculo de rúa máis refinado e clásico. Isla mantén a estética e a liña humorística dos grandes pallasos arxentinos nunha conexión directa co público, na que as falcatruadas agroman a cada pouco. En definitiva, garda no seu interior un universo creativo versátil, cheo de sorpresas e de ideas sorprendentes.

O ESPECTÁCULO

Isla Letriska presenta este delirante espectáculo no cal combina disciplinas de Novo Circo: malabares, pallaso, equilibrios... Xunto a excentricidades e xogos co público. Un personaxe eléctrico e bastante tolo sorprenderá a todos realizando proezas como: malabares increíbles, memorizar centos de nomes, darlles novos usos a obxectos cotiáns, pelexar co público ou converter a un neno nun grande artista de circo. Habilidade, perspicacia, velocidade mental e sobre todo tolería, moita tolería. Pequen@s e grandes sacarán @tol@ que levan dentro.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Isla Letriska

Xéneros: Clown e malabares

Duración: 50 minutos

Público: Público Familiar

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

MUNDOMANDARINA

Mi abuelo es mago


A COMPAÑÍA

Premios: Premio do Público da Mostra de Pallasos de Xirivella, Premio do Público e mais o do Mellor Espectáculo de Sala do Festival Farándula de Gran Canaria, Premio do Público do FAST de Torredembarra e Premio do Público no Festiclown en dúas ocasións, Vigo no 2009 e Vilagarcía no 2015.

Mundomandarina é gargallada, risa, humor. Tamén arte, creación e risco. Mandarina é Laura Muñoz, que naceu en 1975 en Bos Aires (Arxentina). En 1999, tras licenciarse no Conservatorio de Arte Dramática de Bos Aires, tropeza co clown. Ou o clown tropeza con ela. Sexa como for, o encontro prodúcese e Muñoz descobre, a un tempo, o seu gozo e o seu talento á hora de facer rir coa súa mirada sobre o mundo. Con ese espírito, instalouse no ano 2002 en Barcelona e comezou a rodar como pallasa nas tarimas catalás. No 2005 fundou Mundomandarina.

O ESPECTÁCULO

Neste novo espectáculo, a pallasa Mandarina recibe clases do seu avó, o grande ilusionista e prestidixitador Antón Chipirón. Na sala de ensaios está todo preparado, só falta que chegue el. Mentres agarda, a curiosa Mandarina aproveita para atusmar nos obxectos máxicos do avó e facerlles maxia aos pequenos voluntarios do público. Ademais de aprender a facer maxia, Mandarina terá que aprender que o avó non vai vir máis. Neste espectáculo, a través da maxia e a comici-dade, abórdase o tema de afrontar a morte dos seres queridos, non de xeito traumático, senón como unha transformación. Achega ao público miúdo a idea de que non os perdermos de todo, senón que seguen presentes a través das lembranzas e a herdanza emocional que nos deixan.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Laura Muñoz

Técnica teatral: maxia cómica

Duración: 50 minutos

Público: infantil

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

RILO & PENADIQUE

O pozo das señoras COMPAÑÍA


Rilo & Penadique é unha compañía de recente creación que une os talentos de Vero Rilo e Sonsoles Penadique. Vero Rilo ten unha longa e consolidada traxectoria como contacontos. Educadora na Escola A Semente e contadora, cursou estudos de iniciación o teatro da man de Carlos Neira e outros específicos como contadora con Charo Pita e Tim Bowley. Á fronte de Daboapipa, moveu con este formato que combina música e narración oral diversos espectáculos, para público adulto e infantil, por toda Galicia e mesmo alén Miño.

Sonsoles Penadique, licenciada en Historia da Arte na especialidade de Historia da Música e Patrimonio Artístico pola USC e diplomada en Educación Musical pola Universidade de Vigo, realizou estudos de linguaxe musical, técnica vogal, coral e harmonía moderna na Escola Estudio de Santiago de Compostela. Traballou en diferentes centros de primaria, secundaria e conservatorios dependentes da Consellería de Educación, e tamén é profesora de acordeón diatónico, canto, música e movemento e linguaxe musical na Escola Municipal de Música de Moraña e na A.C. Trépia. Colabora coas Escolas Infantís Semente e Cruz Vermella de Pontevedra.

"Xuntáronse o amor pola literatura e a palabra dita co amor pola música e o universo da infancia. E aquí estamos..."

OS ESPECTÁCULOS

Bueno... Pois mire... Indo para a ría á dereita hai un río porque aí xa foron os rapaces non fuches?... *Bueno...* E por alí arriba hai un rego que viña a *agua* para abaixo... Que viña antes para abaixo... E no rego... E arriba no medio e medio da finca había unha laxueira... De pedra eh! era de pedra... E chamábanlle unha *catalata* ou chamaranlle aínda agora daquela chamábanlle... E ... E disque aparecía sempre alí unha señora envolta nunha saba *blanca*... E que era un encanto... Eu téñoillo oído ao meu *abuelo*... Aparecer a min non me apareceu eh!... Amais xa tiña o azo pero non me apareceu... Pero teño oído ao meu *abuelo* que aparecía alí unha señora e que era un encanto e que tan pronto chegaban onda ela desaparecía... Eso *téño* oído eu nunca a vin eh! pero oír oíno!



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Vero Rilo, Sonsoles Penadique

Dirección: Vero Rilo, Sonsoles Penadique

Xéneros: narración oral, música

Duración: 50 minutos

Público: familiar

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

FRAN REI

A Historia de Brancaflor

COMPAÑÍA

Fran Rei é cofundador, pallaso en activo e coordinador da compañía oficial do Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown) Os Sete Magníficos Máis Un, coa que ten participado nun total de doce espectáculos teatrais desde o ano 2001. Igualmente, ten traballado noutras compañías de teatro galegas, como Bagunça Teatro, Producións Desaqueouloutradas, Acontrabutaca e Culturactiva SCG. Tamén ten experiencia no mundo televisivo. Xunto a Pedro Brandariz, formou as parellas cómicas O Gordo e o Calvo e Os Ramistas, que participaron regularmente no programa Luar da TVG (2012/2016).

É membro fundador da organización galega de cooperación internacional a través das artes Pallasos en Rebeldía e, con esta entidade, ten participado en diversas caravanas de pallasos por comunidades indíxenas de Chiapas (México). Interpreta tamén o espectáculo “O Valo”, sobre a crise das persoas refuxiadas, baseada no texto Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2016, de Carlos Labraña.

OS ESPECTÁCULOS

Nesta montaxe achegámonos á lenda popular de *Brancaflor* -filla do Demo- a partir da versión que Xosé Ramón Mariño Ferro recolleu na súa escolma *Contos Marabillosos*. Unha trama chea de probas máxicas, encantamentos, romances e maleficios. Unha fermosa historia de amor entre Brancaflor e Xan, á que se opón o malvado pai da rapaza.

Baixo a dirección de Avelino González, e coa interpretación de Fran Rei, a narración vén acompañada con xogos de maxia, que reforzan a comprensión do conto e, sobre todo, fan máis atractivo o espectáculo.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Fran Rei

Dirección: Avelino González

Xénero: Narración oral, maxia

Duración: 50 minutos

Público: familiar

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

FRAN REI

O canto de Barriga Verde

O ESPECTÁCULO

Despois de percorrer boa parte dos teatros, rúas e prazas do país co seu anterior conto máxico, *A Historia de Brancaflor*, Fran Rei presenta na primavera de 2016 o seu novo espectáculo unipersoal, *O Conto de Barriga Verde*, no que volve a mesturar narración oral, humor e maxia.

Dirixido por Tareixa Campos e escrito por Avelino González e o propio Fran Rei, a partir de tres das obras de Manuel María (*Barriga Verde*, *Os Soños na Gaiola* e *Aventuras e Desventuras dunha Espiña de toxo chamada Berenguela*), *O Conto de Barriga Verde* pretende ser un achegamento á poesía, prosa e teatro do autor lucense a quen se lle dedica o Día das Letras 2016.

Nesta sinxela historia, Fiz, un mozo labrego galego, terá que enfrontarse ao Serrador e ao Demo polo namoramento da sempre belida Catuxa. Coa axuda da maxia do seu padriño Barriga Verde, vello e neno ao mesmo tempo, demostrarán que nada pode ser máis forte que o amor verdadeiro.

Manuel María, "(...) Aquí sigo: ledo, ufano, satisfeito de estar vivo. Mentras o tempo me gasta: paseo, leo e escribo...!" (*Os Soños na Gaiola*, 1968).

FICHA ARTÍSTICA

Dirección: Tareixa Campos

Autor: Avelino González e Fran Rei, a partir de textos de Manuel María

Elenco: Fran Rei

Escenografía: Fran Rei

Deseño e construción bonecos: Marga Portomeñe

Asesor máxico: Dani García

Xénero: contacontos e maxia

Público: infantil e familiar

Duración: 55 minutos

 **info**



SALETA FERNÁNDEZ

Pan con chocolate


A COMPAÑÍA

A súa primeira incursión no circuío teatral profesional galego chegou en 2011, ao abeiro da compañía Teatro do Astracán e da súa primeira montaxe, *Ladrón e Familia*, dirixida por Evaristo Calvo. Posteriormente formou a súa propia compañía – Código Morsa – xunto a Alberto Torres para dar saída ás súas inquedanzas teatrais, estreando en 2014 o seu primeiro espectáculo, *Supergalácticos*, dirixido por Fran Rei. Igualmente, foi a presentadora das galas das Irmandades da Fala, que xiraron por Galicia en 2016, acompañada de artistas tan recoñecid@s como Caxade, Mago Teto ou Luis Iglesia. Na súa última produción, *O Valo* de Pallasos en Rebeldía, Saleta Fernández consolídase como unha actriz de presente e de prometedor futuro.

O ESPECTÁCULO

Como xa é costume na produtora e distribuidora Culturactiva SCG, de cara a esta nova tempada presentamos unha montaxe arredor da figura protagonista do Día das Letras Galegas. *Pan con Chocolate* é un espectáculo baseado principalmente na obra homónima de María Victoria Moreno, pero que tamén recolle textos doutras obras para público infantil da escritora, narradora, tradutora, ensaísta e mestra galega nada en Cáceres.

A actriz Saleta Fernández, convértese en Eva, a rapaza protagonista destas historias, para narrarnos unha serie de maravillosas aventuras xurdidas do maxín de M^a Victoria Moreno. Contos que, aínda que escritos para rapaces e rapazas, a miúdo acaban sendo historias para todos os públicos, xa que amosan as cousas tal e como son e, en moitas ocasións, conseguen expresar o máis agochado de nós. Dirixido por Fran Rei, *Pan con Chocolate* é un espectáculo de narración oral, sinxelo e directo, que pretende ser un ameno achegamento á vida e obra de María Victoria Moreno.



FICHA ARTÍSTICA

Dirección Fran Rei

Autora: María Victoria Moreno

Adaptación: Fran Rei

Elenco: Saleta Fernández

Escenografía: Kukas

Xénero: contacontos

Clasificación: público infantil e familiar

Duración: 55 minutos

Producción: Culturactiva SCG

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

BANDULLO AZUL

Filipa coas cantas


A COMPAÑÍA

Bandullo Azul naceu en 2012 formada polos actores e cómicos Fran Ameixeiras e Fran Campos. Estreáronse con unha versión *clown* da historia de Robinson Crusoe, *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, dirixida polo actor, cómico e director Evaristo Calvo, quen repetiu dirección no segundo espectáculo da compañía, *PLAY: historia de Maestro e Pupilo*, de creación propia. A compañía ten participado en varios festivais de teatro e clown tanto en Galicia como en Portugal subíndose aos escenarios e actuando a pé de rúa.

Fran Campos formouse en escolas de teatro así como en obradoiros e clases maxistras con mestres como Leo Bassi, Claudia Contín, Anton Valén, Josh Houben... Ademais de ser membro fundador de Bandullo Azul, leva máis de dez anos e 300 funcións co Padre Merino, un espectáculo no que se mesturan o *clown*, o bufon, maxia, música.

O ESPECTÁCULO

Unha sesión "filipante" de contos para toda a familia. Historias tradicionais, música e o humor repártense entre os dous contadores que soben á escena: o actor Fran Campos e a súa amiga Filipa, que lle dará un valor engadido ás historias de carácter tradicional: a súa experiencia. Haberá tamén historias cantadas. Historias e xogos de palabras feitas cancións. Historias non só do noso entorno máis próximo, senón tamén doutras terras. Contos "filipantes", contos cantados e acompañados dunha guitarra. Fran Campos e Filipa, os dous, e cadaquén ao seu xeito, farán posible unha sesión para todos os públicos. Tanto cativ@s como maiores poderán gozar, aprender, reflexionar... Desde as súas distintas visións dos contos populares.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Fran Campos

Dirección: Fran Campos

Xéneros: contos, música, teatro, monicreques

Duración: 50 minutos


Público: infantil

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)



MÚSICA DE RÚA

As mellores propostas para encher de música, festa e talento as rúas da túa vila! Todo o ritmo e a enerxía da percusión, dos sons balcánicos ou da nosa tradición popular, e mesmo propostas tan orixinais coma a dos monifates, que combina música e bonecos.



FANFARRIA TAQUIKARDIA

*Música
taquikárdica*

Grupo de música extremo festeiro de repertorio taquicárdico, que vai das melodías balcánicas a coñecidas pezas da música clásica e do cine, pasando pola música tradicional galega e latina, achegándolle sempre o espírito necesario para o baile e a xoldra.

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

OS FONDAOS DO PÍFARO

Trebacada

Os Fondaos do Pífaro é un grupo de percusións tradicionais á moda das Treboadas do Baixo Miño e das formacións de bombos da rexión centro de Portugal. Doce instrumentos de percusión que se fan acompañar das ancestrais melodías do pífaru de canaveira ou da recentemente resucitada gaita de barquín asegún se trate de melodías dunha ou doutra beira do pai Miño.

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

BLOQUINHO BRASILEIRO

Aperta / Trópico
de grelos***

O *bloquinho* traballa en festas durante todo o ano (cabalgatas, festas de verán, festas patronais, festivais). O seu prato forte é o entroido, chegando a desfilar até 60 percusionistas, con vistosos traxes, acadando unha forte expectación dada a magnitude do son e o propio espectáculo visual, altamente contaxioso, que en si mesmo conforma esta colorista, xigantesca e dinámica festa móbil.

* [+ info](#) [▶ ver vídeo](#)
** [+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

www.culturactiva.org ➔

CÉ ORQUESTRA PANTASMA

Home Orquestra

Apoiándose na recuperación da figura do Home Orquestra, César Freiría, Cé Orquestra Pantasma convértese na fórmula perfecta para escapar do mundo por uns intres, deixándose levar, entregándose por completo á festa. Porque iso é o que son os seus espectáculos: unha gran festa chea de forza, ritmo e fantasía onde o público deixa de ser espectador para se converter en protagonista.

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)

OS BREGADIERS

Os Bregadiers

Ritmos swing, jazz, rock&roll en todas as rúas a cargo de Os Bregadiers, experimentados músicos galegos nunha formación que leva á rúa músicas doutras latitudes nunca antes escoitadas nas vilas e cidades galegas. Inspirados nas brass bands, fanfares, bandas gipsy, etc... os Bregadiers son herdeiros desta tradición, cunha calidade musical e artística fóra de toda dúbida.

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)



CULTURACTIVA S. C. G.

Triacastela, 3, baixo, 15703,
Santiago de Compostela

981 582 836

www.culturactiva.org

info@culturactiva.org

